



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Anatomía humana: Anatomía humana

Materia	Anatomía humana: Anatomía humana			
Código	P05G171V01101			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Padín Iruegas, María Elena			
Profesorado	Padín Iruegas, María Elena			
Correo-e	mepadin@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.
B2	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional e integrar aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.
B4	Adquirir formación científica básica en investigación.
C6	Identificar as estruturas anatómicas como base de coñecemento para establecer relacións dinamicamente coa organización funcional.
C34	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conducta das persoas, tanto sas como enfermas, no medio natural e social.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións
D5	Desenvolver a capacidade de liderado e organización.
D7	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer os conceptos básicos para o coñecemento da Anatomía (ciencia, morfoloxía, anatomía, cinesiología, relación entre a forma e a función,...), a división da Anatomía segundo distintos criterios e as súas aplicacións a os estudos de grao	A1	B2	C6	D1
	A2	B3		D4
	A5			D7

Localizar e identificar os ósos da cabeza, incluíndo as súas características morfolóxicas máis relevantes, e que dean unha maior achega funcional. Coñecer os elementos que integran cada articulación, así como identificar o tipo de articulación e as súas características mecánicas xenéricas. Coñecer a musculatura principal.	A2 A5	B3	C6 C34	D4 D7
Coñecer e comezar a domina la terminoloxía anatómica básica que permita a descrición anatómica.	A2 A5	B3	C6	D4 D7
Coñecer a morfología exterior e a configuración interior do corazón.	A2 A5	B3	C6	D7
Dominar aqueles conceptos morfolóxicos que servirán para a comprensión clínica da patoloxía respiratoria e para entender os fundamentos das técnicas de asistencia ventilatoria.	A2 A5	B3	C6 C34	D7
Coñecer a organización xeral e funcionalidade do sistema nervioso en xeneral	A2 A5	B3	C6 C34	D7
Dominar a descrición macroscópica. Identificar as diferentes partes e compoñentes. Establecer a correlación morfo- funcional. Entender correctamente as abordaxes elementais e adestramento no manexo do instrumental e útiles básicos.	A2 A5	B1 B2 B3 B4	C6 C34	D4 D5 D7

## Contidos

Tema	
Temario teórico.	Xeneralidades: citoloxía, histoloxía e embrioloxía human. Aparello locomotor: cabeza, pescozo, tronco e extremidades. Corazón e grandes vasos. aparello dixestivo, aparello respiratorio, aparello xenitourinario, estesioloxía, sistema nervioso periférico cranial. Sistema nervioso da vida autónoma. Sistema nervioso central.
Temario práctico.	Prácticas de citoloxía e histoloxía. Estudo dos distintos tecidos. Identificación de estruturas en modelos anatómicos.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	27	40	67
Lección maxistral	43	85	128
Exame de preguntas obxectivas	2	27	29

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Con estas clases búscase que sirvan ao alumnado para unha mellor comprensión dos coñecementos teóricos.
Lección maxistral	O profesor estrutura e/ou explica os contidos da materia. Para o seu estudo os alumnos dispoñen das presentacións vistas na clase, en FAITIC e/ou fotocopias.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Orientación ao alumno sobre os contidos da materia. Resolución de dúbidas de maneira persoal nas horas adicadas a titorías.
Prácticas de laboratorio	Orientación ao alumno sobre os contidos da práctica. Resolución de dúbidas

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Participación activa do alumnado para asimilar e comprender os contidos da práctica correspondente. Realización e entrega das fichas dos contidos da práctica correspondente. A avaliación será continua téndose en conta a participación nas prácticas, as fichas entregadas e as preguntas orais individualizadas que se iran realizando ó longo das prácticas.	30	A1 B1 C6 D1 A2 B2 C34 D4 A5 B3 D5 B4 D7
Lección maxistral	Sesión magistral: os coñecementos teóricos adquirido polo alumno avaliaranse mediante un exame tipo test de 5 opcións sen puntuar negativos. Para superar o examen teórico débense obter o 70% de respostas correctas. Debe aprobarse o exame teórico para supera-la asignatura	70	A1 B1 C6 D1 A2 B2 C34 D4 A5 B3 D5 B4

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar o examen teórico débese obter o 70% de respostas correctas.

A asistencia ás prácticas é obrigatoria. Permitiranse 2 faltas de asistencia (por causa de forza maior) que han de ser xustificadas documentalmente. Ao finalizar cada práctica deberán entregarse as fichas dos contidos da mesma.

Manteranse os mesmos criterios en sucesivas convocatorias.

As calificacións serán publicadas no taboleiro da facultade, **secretaría virtual** e/ou na plataforma FAITIC.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Paulsen F.; Waschke J., Sobotta atlas de anatomía humana, 24, Elsevier, 2018, **Sobotta atlas de anatomía humana**, 24, Elsevier, 2018

Lippert H., **Anatomía con orientación Clínica para estudantes**, Marbán,, 2013

Netter Fh., **Atlas de Anatomía Humana**, 7, Elsevier,, 2019

Netter Fh., **Cuaderno De Anatomía Para Colorear**, 2, revisada, Elsevier,, 2019

Latarjet M; Ruiz Liard A., **Anatomía Humana**, 5, Panamericana, 2019

ALAN J. DETTON, GRANT., **MANUAL DE DISECCIÓN**, 16, LIPPINCOTT WILLIAMS AND WILKINS. WOLTERS KLUWER H., 2017

Schünke M./Schulte E./Schumacher U., **Colección Prometheus. Texto y Atlas de Anatomía**, 3, Panamericana, 2015

Loukas, Benninger & Tubbs,, **Gray. Guía fotogr&#64257;ca de disección del cuerpo humano**, 2, Elsevier, 2019

Drake R, Gray:, **Anatomía para estudantes**, 4, Elsevier, 2020

### **Bibliografía Complementaria**

FAWCETT DW., **Tratado De Histología**, 12, Interamericana Mc Graw Hill,, 1995

MOORE KL., **Anatomía con orientación Clínica**, 8, Wolters Kluwer,, 2017

**Plataforma 3D Complete Anatomy**, Elsevier,,

**Atlas de Anatomía Humana 2020 Visible Body**, 2020

---

## **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

Darse de alta en FaiTIC (se é a primeira vez que se fai, o nome de usuario e o contrasinal é o DNI). Ter unha dirección de enderezo-e, pois cada vez que se dea un aviso, se suba documentación, etc., comunicarse por esta vía a tódolos usuarios da materia (alumnado e docente).

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Mantéñense as leccións maxistras, pero serán impartidas online a través das Aulas do Campus Remoto da UVIGO, mantendo a planificación horaria, cos axustes nos horarios e grupos que estableza a Facultade.

Prácticas de laboratorio: Os horarios serán estipulados polo Decanato. Durante o tempo de prácticas os alumnos utilizarán os atlas 3D baixo a supervisión online do profesor polas dúbidas que poidan suxir. É obrigatorio a asistencia ás prácticas, con cámara

Por último, realizaranse avaliacións continuas e con preguntas orais online de forma individual no Campus Remoto.

Participación activa do alumno para asimilar e comprender os contidos da práctica correspondente. Realización e entrega das fichas dos contidos da práctica correspondente. A avaliación será continua téndose en conta a participación nas prácticas, as fichas entregadas e con preguntas orais online de forma individual

A asistencia ás prácticas é obrigatoria. Permitiránse 2 faltas de asistencia (por causa de forza maior) que han de ser xustificadas documentalmente. Ao finalizar cada práctica deberán entregarse as fichas dos contidos da mesma, enviándose

a través do correo electrónico/ ou ben dos formularios establecidos para dito obxectivo.

En caso de docencia mixta (presencial-online), adaptaranse os grupos de prácticas segundo a capacidade do laboratorio de Anatomía, e reduciranse en función da capacidade do laboratorio os tempos de docencia presencial, sendo realizado o resto da carga docente de forma online.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)

As tutorías realizaranse online a través do Despacho Virtual do profesorado (Prof M<sup>a</sup> Elena Padin Iruegas: Sala 1827) no Campus Remoto, mantendo os mesmos horarios que as tutorías presenciais. Fomentarase a utilización do email para a atención aos alumnos.

\* Modificacións (se procede) dos contidos a impartir

Mantéñense os contidos da materia.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

- 1- Plataforma 3D Complete Anatomy. Elsevier
- 2- Atlas de Anatomía Humana 2020 Visible Body

Mantense o resto da bibliografía da Guía Docente. En caso de precisar algunha fonte de información adicional para a realización dalgunhas das tarefas prácticas, os accesos serán facilitados durante as clases prácticas.

\* Outras modificacións

A proba teórica mantén o peso indicado na Guía Docente (70%), do mesmo xeito que a avaliación continua das clases prácticas (30%), independentemente de si a docencia é presencial ou vía Campus Remoto.

Cambios polo examen online:

Exame de preguntas obxectivas Sesión magistral: os coñecementos teóricos adquirido polo alumno avaliaranse mediante un exame tipo test de 5 opcións sen puntuar negativos. O exame constará de 50 preguntas a realizar en 55 minutos, a través dun cuestionario que colgarase na plataforma correspondente.

Para superar o examen teórico débense obter o 70% de respostas correctas. Debe aprobarse o exame teórico para supera-la asignatura

Observación sistemática Participación activa do alumno para assimilar e comprender os contidos da práctica correspondente. Realización e entrega das fichas dos contidos da práctica correspondente. e con preguntas orais online de forma individual A avaliación será continua téndose en conta a participación nas prácticas e as fichas entregadas, e as respostas ás preguntas orais.

Os contidos teóricos e prácticos, desenvolveranse coa programación prevista xa dende o inicio do curso e publicados na páxina web do Centro <http://fisioterapia.uvigo.es/gl/docencia/programacion-de-materias/>.

A avaliación da materia levarase a cabo nos días e horas aprobados en Xunta de Facultade para o curso 2020-2021 <http://fisioterapia.uvigo.es/gl/docencia/exames/>